

Manuel Bautís Cheda, Secretario do Consello de Administración do Ente Público Portos de Galicia- Consellería do Mar-Xunta de Galicia,

CERTIFICA:

Que o día 15 de decembro de 2011 reunéuse en sesión celebrada en segunda convocatoria o Consello de Administración do Ente Público Portos de Galicia, e dentro do Punto VIII adoptou, o seguinte acordo:

Por unanimidade dos asistentes presentes no intre da votación segundo consta na acta aprobada na mesma sesión, e vistas as delegacións de voto efectuadas, acordase a aprobación da Instrucción do Consello de Administración sobre condicións de outorgamento da autorización para a celebración de festas e actividades non portuarias nos portos autonómicos galegos, con condicionado que se anexa a esta certificación.

O que se fai constar co visto e prace do Presidente do Consello, en Santiago de Compostela a quince de decembro de dous mil once, acordo coas artigos 18.3 e 20.5 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, así como co artigo 25.3.f) da Lei 30/1992, do 26 de Novembro, de Régimen Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Vº E PRACE

O PRESIDENTE,

José Juan Durán Hermida



O SECRETARIO,



**ASUNTO: PROPOSTA DE REFORMA DO MODELO DE AUTORIZACIÓN
PREVISTO PARA OCUPACIÓN DE SUPERFICIES PORTUARIAS CON DESTINO Á
CELEBRACIÓN DE FESTAS E EVENTOS SIMILARES NON PERIÓDICOS E DE
DURACIÓN LIMITADA.**

Dende o ano 2007 Portos de Galicia ten como obxectivo regular de maneira sistemática a celebración de festas, mercados e outros eventos similares que por razóns de espazo, e por atoparse tradicionalmente vinculadas coa tradición mariñeira, se realizan habitualmente en zonas portuarias xestionadas por este ente público.

No ano 2008 Portos de Galicia aproba un modelo tipo de autorización de aplicación xenérica á clase de actividades antes descritas entre as que se citan expresamente festas, mercados e outros eventos similares, autorización que se outorga con suxección ao marco normativo básico que representan a Lei 6/2003, de Taxas, Prezos e Exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, e en concreto a regulación prevista para a tarifa portuaria E-2 – almacenaxe, locais e edificios __, así como o regulamento de servizo, policía e réxime dos portos aprobado pola O.M. do 12 de xuño de 1976.

Co anterior marco normativo os usuarios debían aboar o importe resultante de aplicar a tarifa portuaria E-2 considerando a superficie real ocupada e o tempo de utilización.

No ano 2009 reformouse o modelo tipo de autorización a aplicar estrictamente á celebración de festas e eventos similares non periódicos e de duración limitada.

Aínda manténdose o esquema xenérico do modelo de autorización e polo tanto do seu clausulado, valorouse que as circunstancias de intensidade e perigosidade que presenta esta clase de ocupacións remiten ao marco mais amplio da utilización do dominio público portuario previsto na lexislación sectorial de aplicación, e polo tanto, na lexislación de costas e na portuaria estatal, esta de aplicación supletoria, o que motivou que se fixera unha remisión en bloque a esa normativa e se modificara a cláusula relativa ao aboamento da taxa, que contempla agora a taxa por ocupación de dominio público portuario que regula o anexo V, apartado 2 da Lei de Taxas.

A aplicación deste novo modelo durante os últimos dous anos evidencia disfuncións na práctica que en último termo teñen a súa causa na imposibilidade de facer o encaixe normativo pretendido coa reforma operada no ano 2009.

Aínda sendo certo que a clase de actividade que representa a celebración dunha festa implica unha ocupación de especial perigosidade e intensidade no tocante ao seu aproveitamento que as asemella neses dous aspectos a un título de utilización demanial, sexa unha concesión ou unha autorización administrativa, seguen a faltar as notas esenciais que definen o contido básico e necesario do dereito á utilización privativa do dominio público portuario, e en concreto, o seu mesmo carácter privativo e en consecuencia a exclusividade que é o que precisamente determina a esixencia dun título xurídico individual constituido para o efecto, a permanencia no sentido dun uso privativo con connotacións de estabilidade, e a rendabilidade en tanto que utilización productiva do demanio que require a contemplación dun prazo o suficientemente amplio.

Ningunha das notas que definen o contido preceptivo dunha autorización demanial concurre nesta clase de autorizacións, e particularmente, a ausencia de exclusividade determina que resulte contradictorio prever unha reserva de superficie a priori cando realmente a experiencia demostra que na práctica esa reserva de espazo obxecto da autorización nunca coincide coa ocupación real, o que en consecuencia distorsiona a liquidación da taxa e ven sendo nos últimos tempos causa crecente de litixiosidade.

Si acudimos ao Real Decreto Lexislativo 2/2011, do 5 de setembro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Portos do Estado e da Mariña Mercante, de aplicación supletoria, dentre a clase de autorizacións que se definen nesa norma atopámonos neste caso cunha autorización co obxecto de habilitar a mera utilización dunha instalación portuaria fixa, en definitiva unha ocupación de superficie regulada na Lei de Taxas para un uso neste caso non portuario que se outorga con carácter precarial e sen a nota de exclusividade, e que por elo debe de gravarse coa tarifa portuaria prevista para esos supostos, a tarifa portuaria E-2 pola superficie e tempo reais de ocupación lóxicamente circunscritos a aquelas zonas que determine o ente público por razóns da explotación portuaria, e todo elo é perfectamente compatible cunha remisión en bloque á normativa sectorial que regula a utilización do demanio portuario que completará e integrará o clausulado de condicións básicas da autorización.

Propónese en consecuencia reformar exclusivamente no apartado relativo ao aboamento de taxas o modelo de autorización previsto para a celebración de festas e eventos similares non periódicos de duración limitada, manténdose invariables as restantes condicións que se corresponden co modelo tipo aprobado en febreiro do 2008 tanto para estas actividades como para a ocupación con mercados e outros eventos de carácter periódico, modelo que xúntase como anexo á presente proposta

Dito todo o anterior e valorando a especificidade que representan esta clase de actividades que case na súa totalidade promoven os Concellos cunha vocación de servizo e non lucrativa e que habitualmente esixen ocupar superficies moi extensas, por esta Dirección propónese tamén incluir pola vía dunha reforma da Lei de Taxas un tipo específico para aplicar a estas ocupacións que rebaixe o tipo ordinario aplicable á tarifa portuaria E-2.

Todo o que se somete á consideración do Consello de Administración en tanto que norma de réxime interno que afecta á organización dos servizos portuarios.

Santiago de Compostela, a 5 de decembro do 2011.

O DIRECTOR.

José Ignacio Villar García.

DIRECTOR
CONSELLERÍA DO MAR

SR. PRESIDENTE DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN.

ASUNTO: AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE SUPERFICIE PORTUARIA CON DESTINO Á CELEBRACIÓN DE FESTAS, MERCADOS OU OUTROS EVENTOS SIMILARES.

Esta autorización, que outórgase por esta Xefatura de Zona ao abeiro do establecido na regra 9ª da tarifa portuaria E-2 “Almacenaxe, locais, edificios” prevista na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de Taxas, Prezos e Exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, ríxese polas disposicions contidas nesa Lei, no regulamento de servizo, policía e réxime dos portos aprobado por O.M de 12 de xuño de 1.976, polas condicións particulares que se indican a continuación, e de maneira supletoria por toda a lexislación aplicable ao dominio público portuario.

CONDICIONES:

1ª.- A presente autorización outórgase ao CONCELLO /OU/ PROMOTOR PARTICULAR “_____” (en adiante o USUARIO) para a ocupación eventual dunha parcela do porto de “_____”, con destino á realización da actividade secundaria de “__mercado semanal/fiesta patronal__”.

2ª.- A presente autorización habilita a ocupación de superficie exclusivamente para a realización da actividade prevista na condición 1ª, (para o caso de festas) no periodo comprendido entre os días ___ e ___ de ___ do ___ /ou/ (para o caso de mercados de celebración periódica) tódolos “—(día da semana)___” do ano “__ (ano de outorgamento)___” e en horario de “__ a __”, e non é prorrogable .

3ª.- Dita autorización outórgase a título de precario, deixando a salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e sen cesión do dominio público nin das facultades dominicais da Comunidade Autónoma, e non é transferible.

4ª.- A realización das actividades autorizadas non poderá obstaculizar as operacións e actividades portuarias.

5ª.- O USUARIO comunicará con antelación suficiente a data de comezo da montaxe das instalacións. Tanto durante a montaxe como durante a ocupación e o desmantelamento das instalacións, o USUARIO, ao marxe de cumplir tódalas instruccións que ao respecto poida dictarlle persoal de Portos de Galicia, será responsable de adoptar tódalas medidas e condicións de seguridade e hixiene previstas con carácter xeral no ordeamento xurídico.

Dita responsabilidade extenderase ao mantemento dos establecementos e espacios públicos en perfecto estado de conservación, e igualmente a velar polo mantemento da orde e seguridade públicas articulando, de ser preciso, os necesarios mecanismos de coordinación para o caso de emerxencias de calquera índole coas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado dependentes ou non do USUARIO e con Protección Civil.

O USUARIO será finalmente responsable dos danos, dos deméritos e das avarías de toda orde que se lles poidan producir ás instalacións portuarias ou a terceiros, quedando Portos de Galicia exento de calquera responsabilidade polos mesmos.

Tampouco será responsable Portos de Galicia dos roubos, nin dos sinistros ou deterioros que poidan sufrir as instalacións, mercadorías ou calquera outros elementos cos que o USUARIO esté a ocupar a superficie portuaria.

galicia





6ª.- Cara a asumir as responsabilidades que se esixen na anterior condición 5ª, o USUARIO, cando se trate dun promotor particular, estará obligado a concertar un seguro de responsabilidade civil por danos que se poidan producir polas propias accións ou omisións ocasionados á Administración ou a outros terceiros, o que deberá de acreditarse ante Portos de Galicia mediante a presentación dunha copia da póliza e do recibo de pago da mesma.

A contía concreta da cobertura requirida por sinistro especificarase nas condicións particulares da autorización, e establecerase por persoal técnico de Portos de Galicia en función da clase de actividades que prevense realizar, da superficie e do prazo durante o que se solicite a ocupación, do número potencial de usuarios previsto, etc.

7ª.- As instalacións e materiais utilizados nos eventos deberán ser totalmente retirados do porto o día seguinte ao da celebración de cada un deles. Para estes efectos a utilización da superficie en virtude desta autorización, implica para o USUARIO a obriga de deixar a superficie liberada cando sexan retiradas as instalacións, mercadorías ou calquera outros elementos, nas mesmas condicións de conservación e limpeza que tiña cando se ocupou, e se non se fixo así, Portos de Galicia efectuará as correspondentes actuacións de reposición de maneira subsidiaria e a costa do USUARIO.

8ª.- O USUARIO deberá aboar pola ocupación da parcela a cantidad resultante da aplicación da Tarifa E-2, establecida na Lei 6/2003 de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, así como as correspondentes tarifas polos servizos directos ou indirectos que eventualmente poida recibir. Para os efectos da aplicación desta tarifa, a superficie computable será a que se reflicte en plano anexo, ou, de selo caso, a resultante da medición que practique *in situ* persoal do ente público. De comprobase que a superficie ocupada excede da autorizada, e igualmente de manterse a ocupación unha vez extinguida a autorización, a tarifa que se aplicará pola superficie que se ocupe en exceso ou pola totalidade da superficie ocupada mais alá do periodo de tempo autorizado, será o quíntuplo da que correspondería con carácter xeral, ao marxe de que Portos de Galicia poida proceder á retirada forzosa de todos aqueles elementos que ocupen superficie non autorizada, e sen prexuízo das sancións que procedan.

Para o cobro desta taxa Portos de Galicia poderá empregar o procedemento administrativo de constrinximento.

9ª.- Se o USUARIO da autorización desexase utilizar as instalacións de subministro de auga ou de enerxía do porto deberá solicita-lo con antelación suficiente ao celador gardapeiraos responsable do porto e cumplir tódalas instruccións que reciban ao respecto. A utilización das citadas instalacións sen autorización implicará a apertura inmediata de procedemento administrativo sancionador, e poderá implicar a revogación da autorización.

En caso de que se utilicen estas instalacións, O USUARIO da autorización deberá aboar a tarifa portuaria E-3 correspondente, que, chegado o caso, tamén poderá ser recadada empregando o procedemento administrativo de constrinximento.

10ª.- Sen prexuízo do establecido na anterior condición xeral 9ª, e no que atinxo á instalación eléctrica precisa para o desenvolvemento da actividade de que se trate, o promotor deberá de acreditar o cumprimento das prescripcións establecidas no Real Decreto 842/2002, de 2 de agosto, que aproba o regulamento electrotécnico de baixa tensión e na súa normativa de desenvolvemento, coas especificidades previstas no mesmo, aportando copia do certificado de



instalación eléctrica emitido por instalador autorizado de baixa tensión dilixenciado ante a Delegación correspondente da Consellería competente en materia de Industria.

11ª.- Cando o USUARIO sexa un promotor particular, co fin de garantir ante Portos de Galicia o cumprimento das obrigas derivadas da presente autorización, e en particular as de contido económico, deberá de constituir unha garantía en metalico, valores públicos ou privados, aval ou seguro de caución polo importe que se indique nas condicións particulares da autorización, e que será equivalente como mínimo ao doble do importe das taxas que se deriven da autorización.

12ª.- O incumprimento polo USUARIO de calquera das condicións anteriores así como a carencia dos permisos ou licencias esixibles por outras Autoridades ou Organismos competentes, implicará, sen prexuízo das sancións que sexan legalmente procedentes, a revogación unilateral desta autorización. Igualmente, a autorización poderá ser revogada unilateralmente e en calquera momento por esta Administración cando resulte incompatible con normativa ou con obras ou plans aprobados con posterioridade, entorpeza a explotación portuaria, ou impida a utilización do espacio para actividades de maior interese portuario.

13ª.- A eficacia e validez da presente autorización quedará condicionada a que o USUARIO autorizado remita á Xefatura de Zona respectiva, ou faga entrega ao celador garda-peiraos, dun dos exemplares que se achegan debidamente asinado en proba de conformidade coas presentes condicións.

En _____, a ___ de _____. .

O XEFE DE ZONA.

CONFORME COAS CONDICIÓN:

Asdo.:

DNI.:

galicia

M. González



**MODELO DE SOLICITUDE CON DESTINO Á CELEBRACIÓN DE FESTAS,
MERCADOS E OUTROS EVENTOS SIMILARES EN PORTOS E INSTALACIÓNNS
PORTUARIAS DE COMPETENCIA AUTONÓMICA.**

IDENTIFICACIÓN DO SOLICITANTE.

PROMOTOR:	DNI/CIF:
-----------	----------

DOMICILIO SOCIAL DO PROMOTOR:

REPRESENTANTE:	DNI:
----------------	------

DOMICILIO PARA NOTIFICACIONES:

TFNO MÓVIL:	TFNO FIJO:	FAX:
-------------	------------	------

ACTIVIDADE SOLICITADA E UBICACIÓN.

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE:

MEDIDAS PREVISTAS DE VIXILANCIA E SEGURIDADE:

DATAS DE CELEBRACIÓN:	DATA DE INICIO DE MONTAXE:
-----------------------	----------------------------

UBICACIÓN:	SUPERFICIE A OCUPAR (M2):
------------	---------------------------

CARACTERÍSTICAS DA ACTIVIDADE

PREVESE QUE O EVENTO TEÑA CARÁCTER PÚBLICO:	SI:	NON:
PREVESE A INSTALACIÓN DE ESCENARIO:	SI:	NON:
PREVESE A INSTALACIÓN DE GRADAS DESMONTABLES:	SI:	NON:
PREVESE A INSTALACIÓN DE ATRACCIÓNNS DE FERIA:	SI:	NON:
PREVESE A INSTALACIÓN DE ESTRUCTURAS DESMONTABLES:	SI:	NON:

OUTRAS OBSERVACIÓNNS:

O CONCELLO DE _____ GARANTIZA, DURANTE A CELEBRACIÓN DA ACTIVIDADE SOLICITADA A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS NECESARIOS DE VIXILANCIA E DE MANTEMENTO DA ORDE PÚBLICA E, DE SER O CASO, DE PRESTACIÓN DE AUXILIO NA FORMA PREVISTA NAS LEIS SOBRE PROTECCIÓN CIVIL.

O PROMOTOR:

Asdo./

O RPTE. DO CONCELLO:

Asdo./

ACLARACIÓN: * A rúbrica no lugar previsto para o representante do Concello será precisa cando este non sexa o promotor da actividade; no caso de que o Concello obstente a condición de promotor abondará coa sinatura no espazo reservado para o mesmo.

* Para a descripción da actividade e das medidas de vixilancia e seguridade poderán presentarse memorias anexas ao presente modelo de solicitude.



DOCUMENTACIÓN MÍNIMA E NECESARIA QUE DEBERÁN DE APORTAR OS USUARIOS:

Seguidamente exponse a documentación mínima e necesaria que terán que aportar os usuarios xunto coa información requerida no modelo de solicitud, distinguindo entre aquela documentación que terán que presentar tódolos usuarios solicitantes independentemente de que sexan Concellos ou promotores particulares recollida no apartado 1, e a documentación que específicamente deberán de aportar os solicitantes que sexan promotores particulares recollida no apartado 2.

1.- EN TÓDOLOS CASOS:

1.1.- Plano de planta do porto onde se indique con claridade a superficie do porto que se pretende ocupar.

1.2.- Coas especifidades previstas no Real Decreto 842/2002, do 2 de agosto, que aproba o regulamento electrotécnico para baixa tensión, copia do certificado de instalación eléctrica emitido polo instalador autorizado en baixa tensión dilixiciado ante a Delegación correspondente da Consellería competente en materia de Industria conforme ao establecido no apartado 5.5 da ITC-BT- 04 do citado regulamento.

2.- NO CASO DE USUARIOS QUE TEÑAN A CONDICIÓN DE PROMOTORES PARTICULARES.

2.1.- DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DO PROMOTOR: Orixinal ou copia compulsada da escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional e do CIF; no caso de persoas físicas abondará coa presentación do DNI.

2.2- DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DO REPRESENTANTE E DA SÚA CAPACIDADE LEGAL: Ao marxe do DNI, a documentación acreditativa da capacidade legal variará segundo a natureza xurídica do promotor, podendo consistir nun poder debidamente bastanteado por letrado da Xunta de Galicia, nunha certificación do Acordo maioritario adoptado polos órganos de goberno ou representación do colectivo ou organización de que se trate, ou outros medios que serán aclarados en cada caso.

2.3.- PÓLIZA DO SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL: Presentarase orixinal ou copia compulsada e recibo acreditativo do aboamento da mesma.

2.4.- Garantía en metálico, valores públicos ou privados, aval ou seguro de caución polo importe que se indique nas condicións particulares da autorización, que será equivalente, como mínimo, ao doble do importe das taxas que se deriven da autorización.